

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 31 DE AGOSTO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:35 horas do día 31 de agosto de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 29 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D. Alberto Escariz Couso
D. José Riesgo Boluda (asiste aos puntos 1c, 1d, 2 e 15)
D. José Ángel Hermida Fernández (asiste aos puntos 2 e 3)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 4 e 10a)
D. Óscar Couce Senra (como suplente de Jerónimo Centrón Castaños, asiste aos puntos 7, 8, 9, 10b e 11a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. Presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 9 de agosto de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta do 14 de agosto de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

c) Acta do 23 de agosto de 2018

Apróbase a acta da sesión do 23 de agosto de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D. Alberto Escariz Couso e D. José Riesgo Boluda.

d) Acta do 27 de agosto de 2018

Apróbase a acta da sesión do 27 de agosto de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D. Alberto Escariz Couso e D. José Riesgo Boluda.



2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto mixto para a contratación dos subministros e servizos de instalación dun poboado de montaña durante as campañas do Nadal (5.748-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (5.481-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lotes 1 e 2) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 1. LA FIESTA ESCÉNICA, S.L.: deberá presentar o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) esixido na cláusula 8.3 do PCAP debidamente cumprimentado.
 2. ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) (lotes 1 e 2): deberá emendar a solvencia económica e técnica segundo o esixido no apartado 5 do Anexo I -FEC- e cláusula 8.3 do PCAP, pois a que declaran é insuficiente para este contrato; así mesmo, indicarán se posúen a habilitación profesional esixida no apartado 5G do referido Anexo I.

3.- Apertura da documentación técnica

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/09/2018 11:18	Páxina 2 de 10
	Expediente 6070/241	CSV: 2EEA56-24C3B2-3E228D-6RN6TQ-YT1CBH-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto mixto para a contratación dos subministros e servizos de instalación dun poboado de montaña durante as campañas do Nadal (5.748-106)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (5.481-106)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2b requirir a emenda da documentación persoal.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a integración dos sistemas de xestión da recadación municipal co xestor de expedientes corporativo e a xestión tributaria e adaptación do modelo de datos de terceiros en xestión tributaria ao sistema integrado de poboación (8.532-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Redución do prazo de entrega	Incremento do prazo de garantía
1	AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	77.311,74€	4 meses	4 anos

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP segundo a cal “As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula” e do previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP “Criterios avaliables a través de fórmula”, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda outorgar a máxima puntuación a AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.:



	Licitador	Prezo	Redución do prazo de entrega	Incremento do prazo de garantía	Total
1	AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	20	20	20	60

Tendo en conta a puntuación acadada polo licitador nos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, segundo consta no informe asinado o 22 de agosto de 2018, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	40	60	100

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 23 de agosto de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.
2. UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS S.A.

Durante o prazo concedido, presentou documentación UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS S.A., da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 29 de agosto de 2018 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe *"Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da LCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.
2. UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS S.A.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/09/2018 11:18	Páxina 4 de 10
	Expediente 6070/241	CSV: 2EEA56-24C3B2-3E228D-6RN6TQ-YT1CBH-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 29 de agosto de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 29 de agosto de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a integración dos sistemas de xestión da recadación municipal co xestor de expedientes corporativo e a xestión tributaria e adaptación do modelo de datos de terceiros en xestión tributaria ao sistema integrado de poboación (8.532-113)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a integración dos sistemas de xestión da recadación municipal co xestor de expedientes corporativo e a xestión tributaria e adaptación do modelo de datos de terceiros en xestión tributaria ao sistema integrado de poboación (8.532-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	100

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 29 de agosto de 2018:

1. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.
2. UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do "Pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	ORECO, S.A.	94,80
2	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRA S S.A. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	91,42
3	S.A. DE OBRAS E SERVICIOS, COPASA	88,94
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	66,24
5	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	29,52

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/09/2018 11:18	Páxina 6 de 10
	Expediente 6070/241	CSV: 2EEA56-24C3B2-3E228D-6RN6TQ-YT1CBH-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no contorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no contorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de agosto do 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL e polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras o 6 de agosto de 2018:

1. HIDROMIÑO, S.L.
2. C.D.INDEPO, S.L.
3. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORESA, S.L.	95,79
2	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,87
3	MISTURAS, S.A.	93,00
4	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	91,79
5	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,71
6	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	91,54
7	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,31
8	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	91,02



	Licitadores	Puntuación
9	NAROM, S.L.	90,18
10	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	89,74
11	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	89,00
12	CONSTRUCCIONES RAMON VAZQUEZ Y REINO, S.L.	88,95
13	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	88,93
14	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	87,06
15	ELSAMEX, S.A.U.	86,31
16	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	85,84
17	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	84,72
18	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	83,52
19	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	81,61
20	OBRA Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	80,65
21	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	75,97
22	SESTRAMA IBERICA, S.L.	74,41
23	COPCISA, S.A.	71,95
24	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	68,29
25	CONSERNOR, S.L.	60,18

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.069,20 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., o día 14 de agosto de 2018, que presenta a documentación requirida o 28 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORESA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORESA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 21 e 29 de agosto de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORESA, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no contorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441) por un prezo total de 355.041,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 61.618,69 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) (ampliación prazo para a emisión do informe sobre B)

A secretaria pon en coñecemento dos membros da Mesa que o Servizo de Educación comunicou a imposibilidade de emitir o informe de valoración do sobre B no prazo concedido “Dado o volume de información das ofertas presentadas” e tendo en conta a “data de incorporación do técnico informante, 27/08/18”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/09/2018 11:18

Páxina 10 de 10

Expediente 6070/241

CSV: 2EEA56-24C3B2-3E228D-6RN6TQ-YT1CBH-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>